

SERRA DO GALIÑEIRO



Área de Medio Ambiente,
Sanidade e Consumo

Esta extraordinaria atalaia sobre Vigo está comprendida dentro da Serra do Galiñeiro e protexida, en parte, como parque natural. É un macizo tectónico que se ergue sobre o río Lagares e o curso alto do Zamáns, atopándose entre as parroquias de Zamáns e Vincios, e enlazando na súa cara sur co monte Aloia. Presenta unha figura rochosa cuns 700 metros de altitude, e ofrece espectaculares vistas que abarcan o sur da provincia.






MAPA DE LOCALIZACIÓN



DIFICULTADE

SERRA DO GALIÑEIRO

- › Distancia: 12,7 km
- › Duración aproximada: 4 horas
- › Cota de saída: 271 metros
- › Cota máxima: 628 metros
- › Intensidade da ruta: media/alta
- › Consumo total de enerxía: 1.413 kcal
- › Frecuencia cardíaca máx/min: 153/117 lpm (home de 80 kg de peso)



RECOMENDACIÓNS

Para facer máis cómodo o percorrido, debemos ter en conta o seguinte.

- **Bastóns.** Nas subidas, hai que acurtar a lonxitude dos bastóns, e nas baixadas, debemos alongalos.
- **Passos.** Deben ser máis pequenos nas subidas que nas zonas de chaira, e a frecuencia debe ser tamén menor nas primeiras.
- **Ritmo.** Unha respiración normal é a que permite andar e falar ao mesmo tempo cos compañeiros. Si non podemos facelo, debemos baixar o ritmo dos pasos.

ORIENTACIÓN

SERRA DO GALIÑEIRO

SENDA PR-G2

Polas abas da serra, de norte a sur, transcorre a senda de pequeno recorrido PR-G2. Comeza no Club de Montañeiros Celtas e remata no monte Aloia. Os seus sinais, amarelos e brancos, márcanos o camiño a seguir.



SINAIS

Na senda encontraremos estes sinais, que indican que estamos no PR-G2 e nos din por onde seguir a ruta.



Continuidade



Dirección equivocada



Cambio de dirección

CENTRO DE INTERPRETACIÓN



O Parque Natural Monte Aloia, que forma parte da Serra do Galiñeiro, conta cun centro de interpretación da natureza (Casa Forestal Enseñeiro Areses) que dispón de vídeos e folletos didácticos que permiten coñecer os lugares máis valiosos. Destaca en especial a senda botánica que hai ao seu arredor.



CINTO VERDE DE VIGO

O Galiñeiro é unha atalaia habitada dende hai milenios e unha zona de extraordinaria beleza paisaxística, cunha variedade de cores ofrecida pola diversidade vexetal e mineral que presenta, con rochedos que disparan a imaxinación dos paseantes. Dende moitos lugares, tense unha panorámica que abrangue o termo municipal de Vigo e a ría, coas illas Cíes no fondo da perspectiva.

1. *Moaña*
2. *Cangas*
3. *P.F. das Pozas*
4. *M. Cepudo*
5. *Cabo Home*
6. *M. de Coruxo*
7. *Illas Cíes*
8. *Senda do percorrido*
9. *Galiñeiro (N)*

GRAN VALOR XEOLÓXICO



No Galiñeiro áchase o maior baluarte de gneis riebeckita, un mineral formado con terras que proceden do manto terrestre e que só en contadas ocasións afloran na superficie.

CULTURAS MILENARIAS

A serra ten un gran valor histórico e cultural, que se pode contemplar nos restos que quedan das culturas megalítica, celta, medieval... e nas arquitecturas das formas tradicionais de vida, como os muíños de auga.



Armas de Auga

É un petroglifo cun extraordinario repertorio de armas: 12 puñais ou espadas curtas, 6 alabardas con mango... En total, 26 representacións realizadas na Idade do Bronce.



Muíño das Maquias Aos pés da Serra do Galiñeiro.



Muralla ciplopea Muro defensivo de 1.250 metros do século V.



Ermida de San Xiao Capela románica reconstruída no 1713.

FLORA

SERRA DO GALIÑEIRO

REPOBOACIÓN

A vexetación está constituída por toxos e breixos, con restos de bosque autóctono orixinal de folla caduca (carballos e castiñeiros), xunto a piñeiros e algunhas especies alóctonas, cos que se repoboou a zona a partir do ano 1910.



BOSQUES MIXTOS

Piñeiros e eucaliptos forman os bosques predominantes, pero ademais poden verse acacias, cedros, cipreses e abetos, que dan un aire exótico á paisaxe.



Quercus robur

Carballos Predominan os novos, froito das repoboacións.



Pyrus cordata

Pereira brava Árbore pequena e espinenta de flores grandes.



Ilex aquifolium

Acivros Algúns exemplares son de gran tamaño na serra.

VALOR BOTÁNICO

Algunhas especies de breixos e toxos e algunhas plantas que crecen nos cumios ou nas zonas húmidas da serra teñen un elevado valor botánico, por ser endemismos ben conservados.



Gagea nevadensis



Erica tetralix

Queiriño setembrino Florece entre xuño e outubro nos cumios.



Silene uniflora

Silene é unha planta endémica que crece entre as rochas.



Pinus pinaster

ESPECIES ALÓCTONAS

Piñeiro bravo

Os piñeiros integráronse moi ben no parque. Poden verse exemplares das variedades 'pinaster' –piña máis grande– e 'sylvestris'. Pero outras especies importadas, como as acacias, son un problema polo seu rápido crecemento. Hoxe inténtase controlar.

PARAÍSO ANIMAL

Proliferan as especies típicas dos ambientes forestais ben desenvolvidos, como o raposo, o coello, a perdiz, o pito real... Pero destacan especialmente algunhas aves de presenza ameazada que encontraron na serra un hábitat estable.

MAMÍFEROS



Vulpes vulpes

Raposo

É un animal que prolifera na serra e pode verse xeralmente preto das canles de auga. Outro mamífero que abunda é o ourizo, que se deixa ver a partir da primavera.

AVES



Prunella collaris

Azulenta papuda

A serra do Galiñeiro é dos poucos lugares de Galicia onde pode verse aínda este ave, que inverna na zona máis setentrional do parque.



Monticola solitarius

Merlo azul

Ten un canto afrautado. O macho conta cunha rechamante plumaxe de tons azulados e a femia é de cor parda. Habita nos cumios.

FAUNA

SERRA DO GALIÑEIRO

ANFIBIOS

Se temos en conta a súa vulnerabilidade —están na lista vermella de especies ameazadas de extinción— son os animais máis importantes da serra. A súa presenza indica un ámbito natural non degradado.



Salamandra salamandra

¡Lista vermella!



Chioglossa lusitanica

Píntega rabilonga pode verse nas augas frías.



Rana iberica

Ra Patilonga vive nos regueiros e pozas con pedras da serra.



Buteo buteo

RAPACES

Azor, avelaiona, miñato común, gabián e outras aves rapaces dominan os ceos da serra. Algunhas das máis doadas de ver é o miñato común (na foto), xeralmente voando só e coas grandes ás despregadas. Nidifica nas árbores e nas penas illadas entre marzo e maio.